

**COTOBAD E****A N U N C I O**

O Pleno do Concello de Cotobade, en sesión celebrada o 24.02.2014, acordou ceder gratuitamente á Deputación Provincial de Pontevedra 42,49 m<sup>2</sup> do polígono 63 parcela 1483 de acordo coa documentación obrante no expediente a efectos de poñelos a disposición do proxecto de ensanche e mellora da estrada provincial EP-0405 de Almofrei.

Sométese o expediente a información pública por un período de Vinte días hábiles, elevándose a definitiva a antedita cesión de uso de non existir alegación ou reclamacións ao respecto.

O expediente poderá consultarse na Secretaría do Concello de Cotobade de luns a sábados en horario de 9 a 13 horas.

Cotobade 25 de febreiro de 2014.—O Alcalde, Jorge Cubela López.

**2014001891**

\* \* \*

**A E STRADA****E D I T O**

Solicitando desta Alcaldía por parte de D. Eladio Mosquera López e outros, licenza municipal para a actividade de AMPLIACIÓN DE CEMITERIO a radicar en Moreira – A Estrada, cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo –que comezará a computarse dende o día seguinte ao da última inserción do presente Edito no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia– poidan examinar o expediente, no Departamento Municipal de Urbanismo, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

A Estrada, 27 de marzo de 2012.—O Alcalde-Presidente, José C. López Campos.

**2014001943**

\* \* \*

**O GROVE****BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS  
DO CONCELLO DO GROVE****PRIMEIRA. OBXECTO**

É obxecto das presentes bases regular as normas polas cales se rexerá a concesión en concorrencia competitiva de subvencións aos clubs deportivos deste Concello para sufragar parte dos gastos que lles ocasione a promoción de actividades deportivas de interese municipal.

**SEGUNDA. IMPORTE DA SUBVENCIÓN**

A contía global das subvencións será acordada anualmente pola Xunta de Goberno con cargo ao crédito da partida 341.48000 do orzamento municipal vixente neste ano 2014, e non poderá superar a contía global de 93.000,00 €, repartidas en 87.000,00 € para actividades dos clubs e 3.000,00 € para os campionatos de España. Este importe será repartido entre os clubs solicitantes segundo os criterios que se establecen na base sexta, sen que a concesión implique para o beneficiario dereito ningún para anos posteriores. Tamén todos aqueles clubs que non teñan subvención por non acadar 20 licenzas repartirán 3.000,00 € segundo a súa memoria de actividades.

*TERCEIRA. BENEFICIARIOS*

Poderán solicitar estas axudas reguladas pola presente convocatoria:

- a) As asociacións e entidades deportivas validamente constituídas sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio social no concello do Grove
- b) Asociacións e entidades deportivas que realicen actividades de interese municipal e certifiquen un mínimo de 20 deportistas federados. Das cales o 75% son de residentes no Grove. Non computan as licenzas escola.
- c) Asociacións e entidades deportivas que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello do Grove.
- d) Os clubs que permiten o desenvolvemento da súa actividade a fillos de socios e non socios.
- e) Os club que no deporte base cobren menos de 10 euros ao mes pola práctica do deporte, pero sempre a título voluntario e atendendo ás condicións familiares de cada cativo.
- f) Que desenvolvan a súa actividade como mínimo 11 meses ao ano, con períodos de adestramentos, adestradores e horarios de adestramentos fixos e semanais.
- g) Que participen como mínimo no 50% dos eventos deportivos federados en que están inscritos.
- h) Ter actividades en deporte base e de competición federada en ditas categorías.

Non poderán ser destinatarios de subvención as sociedades anónimas deportivas ou outras asociacións, clubs ou entidades con ánimo de lucro.

Todos os clubs con subvención superior a 6.000,00 euros terán que levar na súa vestimenta (chándal e camiseta competición) o logo de Concellería de Deportes e, en caso de dispor de furgoneta, un adhesivo da Concellería.

*CUARTA. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES*

1º.—O procedemento de concesión individual das subvencións iniciárase coa solicitude previa do clube interesado nun formulario, que lle facilitará a Administración municipal (anexo I), acompañado da documentación complementaria correspondente. Presentarase no Rexistro municipal.

2º.—O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días hábiles desde publicación no BOP destas bases. A partires desta data non serán admitidas a trámite máis solicitudes, non obstante, a Xunta de Goberno Local poderá establecer outros prazos por razóns que deberán xustificarse no acordo.

*QUINTA. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR POLOS CLUBES SOLICITANTES*

Xunto coa solicitude, e coa única excepción do apartado 3.B (xa que esta información se comprobará de oficio), os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

*A - Documentación xustificativa dos requisitos de carácter xeral*

1-Certificación da Federación correspondente en que conste que o clube solicitante se atopa na actualidade de alta con actividade propia (folla adxunta).

2-Certificacións expedidas pola Axencia Tributaria, estatal e autonómica, e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente e sen débedas coas citadas administracións.

*B - Documentación xustificativa para avaliar e ponderar a contía da subvención*

1.—Certificación da federación correspondente onde conste o número de fichas federativas expedidas na tempada xa rematada e por categorías (folla adxunta).

2.—Certificación do presidente do clube onde conste o número de adestradores titulados que imparten os adestramentos nas distintas categorías, acompañada das copias dos seus títulos.

3.—Certificación federativa en que conste a categoría en que militaron os distintos equipos da entidade durante a tempada xa rematada.

4.—Memoria deportiva asinada polo presidente do club onde se describirán as actividades realizadas e as competicións en que se participou na tempada anterior, o número de deportistas participantes, cantidade de socios, así como os resultados xerais, títulos e clasificacións obtidas.

5.—Memoria de actividades da escola deportiva. Esta poderá estar incluída dentro da memoria deportiva pero nun apartado específico.

6.—Memoria económica, asinada polo presidente, onde de detallen os gastos e ingresos anuais da tempada actual clasificados por actividades.

7.—Outros datos de interese que poidan dar fe da actividade do club.

Os clubs que se demostre que non achegaron datos reais poderán perder o total da subvención. Ditosa datos poderán ser contrastados coas federacións correspondentes.

#### SEXTA. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

A Xunta de Goberno Municipal, con base na documentación achegada polos clubs, e a proposta da Comisión de Valoración, acordará o reparto das subvencións no presente ano.

A Comisión de Valoración, estará composta por:

- O Alcalde do Concello do Grove
- O Concelleiro de Deportes, quen actuará, ademais, como instrutor.
- O Técnico de Deportes

Secretario/a: actuará como secretario/a, sen voto, un/unha técnico/a do Concello.

Normas de Puntuación para o Cálculo das Subvencións

O reparto de puntos realizarase atendendo ao número de equipos federados segundo categoría e ao número de fichas federadas dentro de cada categoría. Con este reparto de puntos intentase premiar aos clubs con maior deporte base.

1. Os equipos puntúanse segundo a súa categoría e zona onde compitan segundo o baremo seguinte:

COMPETICIÓN CATEGORÍA EQUIPO	ZONAL*	PROVINCIAL	AUTONÓMICO
BENXAMÍN	2	3	4
ALEVÍN	2	3	4
INFANTIL	4	5	6
CADETE	4	5	6
XUVENIL	4	5	6
SENIOR	3	4	5

2. As fichas puntúanse segundo a categoría e a zona onde compitan co baremo seguinte para categoría masculina, e cun 0,1 a maiores para categoría feminina:

COMPETICIÓN CATEGORÍA FICHA	ZONAL*	PROVINCIAL	AUTONÓMICO
BENXAMÍN	0,3	0,4	0,5
ALEVÍN	0,3	0,4	0,5
INFANTIL	0,5	0,6	0,7
CADETE	0,5	0,6	0,7
XUVENIL	0,5	0,6	0,7
SENIOR	0,4	0,5	0,7

\* Zonal: con este termo damos cabida ás competicións do ámbito: do Salnés, unha parte da provincia (como pode ser a 2ª Rexional de fútbol)... Ou sexa que non abarquen toda a totalidade da provincia de Pontevedra (como pode ser a 1ª Rexional de fútbol).

3. Aqueles clubs que teñan adestradores titulados que dirixan equipos, independentemente da categoría, e o acrediten coa copia do título oficial, serán subvencionados con 2 puntos máis por cada adestrador titulado, o número máximo de adestradores subvencionados nunca será maior que o número de equipos de dito club.

Destes baremos exclúese aos clubs marítimos que só se puntúan 0,6 puntos por ficha e cun 0,1 a maiores para mulleres e dous puntos por cada adestrador titulado.

Unha vez puntuados todos os equipos, adestradores titulados e fichas por categorías, sumaranse todos os puntos do clubs.

O 100% da cantidade asignada pola Xunta de Goberno para estas bases e que estará incluída na aplicación orzamentaria 341.48000 dividirase en partes iguais entre os clubs marítimos e os terrestres.

O importe destinado a cada unha das partes (marítimos e terrestres), repartirase proporcionalmente segundo os puntos obtidos por cada club.

Será a Xunta de Goberno Local a que decida a inclusión das entidades deportivas para a concesión das subvencións municipais.

#### *SÉTIMA. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS*

As cantidades subvencionadas pagaránse atendendo ás previsións da Tesourería do Concello, podendo anticiparse o 50% do seu importe mediante orde da Alcaldía, sempre previa xustificación do importe que se percibe anticipadamente.

#### *OITAVA. XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS*

A. O importe da subvención anual deberá xustificarse antes do 31 de decembro do ano en curso.

B. A xustificación dos gastos realizarase mediante os seguintes documentos que deben corresponder ao ano natural de que se trata:

1.º Facturas oficiais e que cumbran os requisitos legais, expedidas a nome do clube, onde consten a obra, subministración ou servizo prestado polo provedor.

2.º Nóminas de salarios e TC1 e TC2 da seguridade social do persoal

3.º Recibos onde consten as cotas pagadas por fichas, arbitrxes ou taxas.

4.º Certificacións expedidas polas federacións correspondentes.

Non se admitirán xustificantes que non teñan relación directa con gastos derivados das actividades que se subvencionan nin cos criterios polos cales se avaliaron os seus importes nin que a súa data sexa de exercicio diferente ao da concesión.

En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificadas, de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003 así como no artigo 29 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, que consideran gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período e xustificación.

C. Xunto cos anteriores documentos deberá presentarse unha declaración xurada do presidente do clube onde conste que o total da subvención outorgada polo Concello sumada ás das outras administracións públicas non superou o importe total dos gastos. En caso de que fose superior, diminuírase a achega municipal ata igualar a suma dos gastos totais.

D. Os xustificantes deberán sumar, polo menos, a totalidade da subvención recibida no ano. A falta de xustificación dentro do prazo establecido dará lugar á baixa da subvención, se esta non fose pagada, e ao reintegro, se se dese o caso, das cantidades adiantadas.

E. Xustificarán as facturas conforme o modelo, anexo.

Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo clube, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan.

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais disposicións de réxime local.

**BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A CLUBS NO  
CONCELLO DO GROVE**

**(Folla de solicitude – Anexo I)**

Nome do club:	
Enderezo:	
CIF do club:	Teléfono:
Fax:	Correo electrónico:
Nome do/a representante:	
Cargo directivo:	
NIF do/a representante:	Móbil:
Documentación achegada: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Certificación da federación correspondente en que conste que o clube solicitante se atopa na actualidade de alta con actividade propia.</li> <li><input type="checkbox"/> Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria onde conste que o clube non ten débedas e está ao corrente nas súas obrigacións tributarias.</li> <li><input type="checkbox"/> Certificación da Axencia Tributaria de Galicia onde conste que o clube non ten débedas e está ao corrente nas súas obrigacións tributarias.</li> <li><input type="checkbox"/> Certificación da Seguridade Social onde conste que o clube non ten débedas e está ao corrente nas súas cotizacións sociais.</li> <li><input type="checkbox"/> Certificación da federación correspondente onde conste o número de fichas federativas expedidas na tempada anterior e desagregadas por categorías.</li> <li><input type="checkbox"/> Certificación do presidente do clube onde conste o número de adestradores titulados que imparten os adestramentos nas distintas categorías, acompañada das copias dos seus títulos.</li> <li><input type="checkbox"/> Memoria deportiva asinada polo presidente do clube onde se describen as actividades realizadas e as competicións en que se participou na tempada anterior, o número de deportistas participantes, así como, dos resultados xerais, títulos e clasificacións obtidas.</li> <li><input type="checkbox"/> Memoria económica, asinada polo presidente, onde de detallen os gastos e ingresos anuais da tempada.</li> <li><input type="checkbox"/> Certificado de conta bancaria para o pagamento.</li> </ul>	
Sinatura do/a representante:	Selo do clube:
O Grove, ____ de _____ de 2014	

**ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DO GROVE**

**(ANEXO II ) DESPRAZAMENTOS A CAMPIONATOS DE ESPAÑA  
E FASES DE ASCENSO**

**OBXECTO**

Este anexo baséase na necesidade de axudar economicamente aos clubs que participan tanto en campionatos de España como en fases de ascenso, respectivamente, debido á enorme cantidade de gastos que ocasionan este tipo de competicións, tanto en desprazamentos como en aloxamento.

Tamén a repercusión social e deportiva deste tipo de competicións en que participan equipos de todas as idades e habitualmente con bos resultados nos leva a facer un apartado específico no cal dar cabida a unhas subvencións propias desta actuación.

**APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

A partida orzamentaria para este anexo é de 3.000,00 €, os cales estarán contemplados dentro do crédito 341.48000 do orzamento municipal.

**BENEFICIARIOS**

Os beneficiarios deste anexo serán os clubs que, ademais de cumpriren o artigo terceiro das Bases para a concesión de subvencións municipais, a clubs do Concello do Grove que certifiquen a súa clasificación na tempada xa rematada en fases de ascenso ou campionatos de España.

Estas competicións deberán disputarse fóra da provincia de Pontevedra.

**TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES**

O procedemento de concesión das subvencións iniciarase coa solicitude previa do clube interesado, acompañada da documentación complementaria correspondente e presentarse no Rexistro, anexado e diferenciando da documentación solicitada nas Bases para a concesión de subvencións municipais a clubs do Concello do Grove.

**DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR POLOS CLUBES SOLICITANTES**

Os clubs solicitantes deberán entregar para a solicitude desta subvención unha relación dos campionatos de España ou fases de ascenso en que participasen a tempada xa rematada, cos seguintes requisitos:

1. Denominación da competición.
2. Datas da competición.
3. Categorias nas cales se participou.
4. Lugar de desenvolvemento.
5. Quilómetros de ida e volta (este concello revisará esa quilometraxe cos mapas actuais e rutas recomendadas).
6. Número de deportistas desprazados/as.
7. Días de estancia (salvo casos excepcionais, establécense como base 3 días).
8. Adestradores/as e delegados/as desprazados/as (establécense como base 1 adestrador/a e 1 delegado/a).

**PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN**

A Xunta de Goberno, por proposta da Comisión de Valoración, aprobará o montante final da subvención adxudicado da seguinte maneira:

1. Adxudicarase unha partida de 3,000,00 euros.
2. Deste montante destinarase un 60% para os gastos de axudas de custo, que se repartirán e calcularán da suma dos/as deportistas, o/a adestrador/a, e o/a delegado/a, e multiplicarase polo numero de días desprazados/as.
3. O 40% para os gastos de quilometraxe repartirase segundo o cálculo de prezo/quilómetro

#### *PAGAMENTO DAS SUBVENCIONES*

As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións da Tesourería do Concello, podendo anticiparse o 50% do seu importe mediante orde da Alcaldía, sempre previa xustificación do importe que se percibe anticipadamente.

#### *XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS*

A. O importe da subvención anual deberá xustificarse antes do 31 de decembro do ano en curso. Por razóns que se deberán motivar, a Xunta de Goberno poderá acordar outro prazo diferente para a entrega das xustificacións.

B. A xustificación dos gastos realizarase mediante os seguintes documentos que deben corresponder ao ano natural de que se trata:

1º. Facturas oficiais e que cumpran os requisitos legais expedidas a nome do clube, onde conste a obra, subministración ou servizo prestado polo/a provedor/a.

Non se admitirán xustificantes que non teñan relación directa con gastos derivados das actividades que se subvencionan nin cos criterios polos cales se avaliaron os seus importes nin que a súa data sexa de exercicio diferente ao da concesión.

En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificadas, de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003 así como no artigo 29 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, que consideran gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período e xustificación.

C. Os xustificantes deberán sumar, polo menos, a totalidade da subvención recibida por este concepto. A falla de xustificación dentro do prazo establecido dará lugar á baixa da subvención se esta non fose pagada e ao reintegro, se se dese o caso, das cantidades adiantadas.

Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo clube, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de prema que correspondan.

Para todo o non previsto nestas bases estarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais disposicións de réxime local.

O Alcalde - O Grove, 5 de febreiro de 2014.





**Ilmo. Concello do Grove (PONTEVEDRA)**  
 Pza. do Corgo, s/n, 36980 O Grove - Tel.: 986 730 975. Fax: 986 731 358  
 CIF :P3602200B

**XUSTIFICACIÓN DO GASTO REALIZADO PARA O COBRAMENTO  
DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DO GROVE**

Año de concesión: \_\_\_\_\_  
 Importe: \_\_\_\_\_  
 Finalidade da subvención: \_\_\_\_\_  
 Persoa/Entidade: \_\_\_\_\_ NIF/CIF: \_\_\_\_\_  
 Domicilio: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_  
 Código Postal: \_\_\_\_\_  
 Número de conta bancaria: \_\_\_\_\_

**XUSTIFICANTES QUE SE ACHEGAN:**

CONCEPTO	IMPORTE

Lugar e data \_\_\_\_\_  
 Sinatura: \_\_\_\_\_

**Requisitos da factura:**

- 1 Número de factura
- 2 Datos referidos ao/á expedidor/a e destinatario/a da factura: nome, apelidos ou denominación social da entidade; NIF/CIF; domicilio; poboación, código postal e concello
- 3 Concepto e prezo total con IVE, que estará detallado, incluído ou exento
- 4 Lugar e data da emisión da factura

**DECLARACIÓN**

Don/a.....  
 con DNI .....actuando en representación de  
 .....

**DECLARO:**

- 1 Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2d) da Lei xeral de subvencións.
- 2 Que a entidade ou organismo ao que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións do Concello do Grove, ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración.

O Grove, ..... de ..... de 2014

.....  
 (sinatura)